

nordês

PERIÓDICO ANARQUISTA

UMHA COLABORAÇÃO ENTRE
A IRMANDADE DA COSTA E
ARDORA (S)EDIÇÕES ANARQUISTAS



N7 · OUTUBRO 2018

ISTO É A LEI MORDAZA:
ANÁLISE DETALLADO DA
SÚA APLICACIÓN

PARALIZADA A TALA DO
BOSQUE DE HAMBACH

GREVE DE FOME NOS
CÁRCERES

ISTO É A LEI MORDAZA: ANÁLISE DETALLADO DA SÚA APLICACIÓN

É de vital importancia ler a Lei Mordaza ou polo menos artigos explicativos como este. Lembrar que na mani solidaria co CSO Escarnio e Maldizer, puxéronse 120 multas de 800€ e moitos compañeirxs pagaron rapidamente para acollerse o desconto por pronto pago. Cántos deles tiñan dereito a xustiza gratuíta e nin sequera sabían que podían alegar no Contencioso-Administrativo de balde? Perdemos unha ocasión de saturar os xulgados e demostrar á Subdelegación de Goberno que esta táctica de represión xeneralizada non é viable.

Outra máis, por favor, que ninguén volte a dicir que a un compañeirx o van meter no cárcere por culpa da lei Mordaza. No cárcere métenos o Código penal, a Lei Mordaza son “só” sancións administrativas.

A Lei Mordaza a tedes aquí:

[https:// boe.es/buscar/ doc. php?ide=-BOE-A-2015-3442](https://boe.es/buscar/doc.php?ide=-BOE-A-2015-3442)

Déixovos a miña análise, trato de tocar todos os temas interesantes da maneira máis sinxela posible, non sei se o conseguín. O esencial, xa sabedes, hai que facer o que vos pareza máis apropiado... pero que non vos pillen

1. IMPORTE DA SANCIÓN

Debido á nosa ignorancia este é o punto que máis comeduras de cabeza provoca. o certo é que as sancións de 600.000€ xa existían na lei Corcuera do PSOE de 1992 (os mesmos que agora din apoiarnos ante as leis “represoras”), a única diferenza é que antes estaba en pesetas (100 millóns de pesetas) en lugar de euros.

Ou único cambio que se produciu na cuantía é o do máximo das sancións leves e o mínimo das sancións graves, en ámbolos casos pasan dos 300€ aos 600€. O importe das sancións queda da seguinte forma:

—Leves: de 100 a 600€.

—Graves: de 601 a 30 000€.

—Moi graves: de 30 001 a 600 000€.

De calqueira forma, o cambio é máis importante do que parece, porque a maioría das sancións administrativas que se puxeron nos últimos anos foron leves ou graves na súa cuantía inferior, polo que moitas multas que antes foron de ao redor de 300€ agora pasarían aos 600€.

2. GRADACIÓN DAS SANCIÓNNS

Dentro das sancións graves e as moi graves, hai 3 niveis: mínimo, medio e máximo. En principio a sanción a aplicar adoitaba ser a correspondente ao grao inferior, pero esta nova lei di que a infracción sancionárase en grao medio cando concorran unha serie de agravantes.

Isto é moi importante, xa que, as sancións graves ao pasar o nivel medio suben dos 601€ aos 10.401€ como mínimo, podendo chegar ate un máximo de 20.200€.

Estes agravantes son:

a) Reincidencia: Cometer en 2 anos máis dunha infracción da mesma natureza cando haxa unha resolución en firme pola vía administrativa. Importante ter en conta que non ten porqué ser exactamente a mesma infracción, abonda con que sexa da “mesma natureza”. Que significa que unha infracción sexa da mesma natureza? Neste caso (a diferenza doutras normativas) creo que non está delimitado de ningunha maneira, así que haberá que esperar como o interpreta a Subdelegación de Goberno, supoño que dependerá bastante das ganas que che teñan.

O que si que está claro é que se vai considerar que tes antecedentes cando a “resolución é firme pola vía administrativa”, é dicir, non fai falla que se reafirme o Xulgado do Contencioso-administrativo, é suficiente con que a mesma administración que propón a sanción se ratifique na mesma.


b) A realización dos feitos intervinndo violencia, ameaza ou intimidación. Nin que dicir ten que a policía ten presunción de veracidade, é dicir, se a policía afirma que actuaches desta maneira dificilmente vas poder librar.

c) Executar os feitos usando calquera tipo de peza que cubra o rostro, impedindo ou dificultando a identificación.

Este é probablemente o maior cambio que vai supoñer a lei Mordaza, antes non había practicamente ningunha regulación respecto da gradación da sentenza, iso supoñía que todas as sancións ían á franxa inferior, se che metían unha sanción grave adoitába caer entre 301€ e 600€ (a sanción máis alta que vin foi de 630€). Agora é moi fácil que che metan 10.401€. Non deixa moi claro cando se vai aplicar a multa en grado máximo, pero que máis dá, se non podemos pagar 10.400€ menos imos pagar 20.200€, así que non merece a pena estenderse.

Tamén se fala de criterios para a individualización da multa onde se de unha serie de obviedades: entidade do risco, contía do prexuízo, alteración ocasionada, culpabilidade... sendo importante destacar os dous últimos: beneficio económico obtido pola infracción e capacidade económica do infractor. Os recursos en vía administrativa xa se sabe que son papel mollado, pero por se interesa, sempre se pode alegar que a cuantía da sanción é excesiva xa que non buscamos ningún tipo de lucro persoal e padecemos unha situación económica moi precaria (se é o caso, claro).

O esencial, xa sabedes, hai que facer o que vos pareza máis apropiado... pero que non vos pillen



IMPORTANTE, na práctica non se estan aplicando estas sancións de máis de 10.000€... ate o día de hoxe. No futuro quen sabe.

3. PRESCRICIÓN DAS INFRACCIÓNS

Aos 6 meses as leves, 1 ano as graves e 2 anos as moi graves, anteriormente prescribían aos 3 meses as leves e ao ano as graves. Se ledes a lei veredes que distingue entre a prescrición da infracción (tempo que vai desde que se comete o feito ate que comunican a apertura do expediente sancionador) e a prescrición da sanción (a resolución xa é firme en vía administrativa), para non cansarnos creio que chega con isto.

A moralexia está clara, se es bo, pagas rápido e non protestas, rebaixámosche a sanción. Para a Subdelegación de Goberno é importante que paguemos sen rechistar porque teñen tal acumulación de choio que poden tardar ata 2 anos en tramitar todo o proceso.

4. CRÉASE UN REXISTRO CENTRAL DE INFRACCIÓNS CONTRA A SEGURIDADE CIDADÁ

Supostamente a súa única finalidade é apreciar a reincidencia, o que si que está claro é que se es reincidente non se lles vai a pasar desapercibido (crean un rexistro especificamente para isto) e ídesvos a comer o marrón (mínimo 10 401€).

5. RATIFÍCASE O VALOR PROBATORIO DAS DECLARACIÓNS POLICIAIS

Sendo a súa declaración “base suficiente para adoptar a resolución que proceda, salvo proba en contrario”: bastante claro, a policía acúsache e non existe presunción de inocencia, senón que es ti mesmo o que ten que demostrar que a versión policial é falsa. Evidentemente isto xa se aplicaba anteriormente.

6. REDUCCIÓN POR PAGAR SEN PROTESTAR:

Para entendernos, igual que as sancións de tráfico. Se cando te chega a notificación de inicio do procedemento sancionador (a primeira carta que che chega) ti pagas voluntariamente en 15 días hábiles, redúcenche a sanción un 50% pero perdes o dereito para presentar alegacións en vía administrativa. Aínda que pagues, segues tendo dereito a recorrer no Xulgado Contencioso-administrativo.

A moralexia está clara, se es bo, pagas rápido e non protestas, rebaixámosche a sanción. Para a Subdelegación de Goberno é importante que paguemos sen rechistar porque teñen tal acumulación de choio que poden tardar ata 2 anos en tramitar todo o proceso. Esta medida ten, claramente, a finalidade de axilizar o proceso para poder multarnos de forma máis cómoda e eficiente.

Como anécdota, dicir que se che meten unha sanción moi grave non tes dereito a esta redución, é

dicir, se che meten unha multa de 600.000€ non te creas que sendo bo vancha reducir a “só” 300.000€... estes lexisladores están un pouco mal da testa.

7. DESPENALIZACIÓN DAS INFRACCIÓNS:

Un dos obxectivos desta lei é que moitas das infraccións que antes eran consideradas faltas e xulgábanse na vía penal, agora pasan a ser sancións administrativas que non teñen que pasar polos tribunais (as faltas que van desde o art. 617 do Código penal ao 639).

Isto pode soar moi bonito, pero en realidade é moitísimo máis prexudicial para nós, xa que, a parte de que a vía administrativa é aínda moito menos legalista que os xulgados de instrución, a cuantía das sancións adoitan ser bastante máis elevadas e non se teñen en conta o nivel de ingresos do denunciado.

É dicir, mentres no código penal pónenche unha sanción sinalada en días multa (“15 días multa”, ou “30 días multa”...) fixándose o importe en función dos teus ingresos, na vía administrativa pónenche un importe fixo.

Para aclaralo poño un exemplo:

En vía penal condénanche a unha sanción de 30 días multa. Como non tes ingresos fíxase un pago de 3€ por cada día multa. Ao final tes que pagar 90€ (3x30). Na vía administrativa poñeríanche unha cuantía fixa cun mínimo de 100€, é dicir, diríanche “imponse unha sanción de 100€ (ou 200€...)” sen que teña maior relevancia cal é o teu poder adquisitivo. O único positivo é que na vía administrativa non che poden meter os molestos arrestos domiciliarios da vía penal.

8. LEGALIZACIÓN DAS DEVOLUCIÓNS EN QUENTE

Esta frase o di todo: “esta Lei orgánica entrará en vigor o 1 de xullo de 2015, salvo a disposición final

primeira, que entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial do Estado», evidentemente a “disposición final primeira” é o que se coñece popularmente como devolucions en quente. Con isto queda de manifesto que o goberno sabe dabondo que todos estes anos se saltou a lei, devolvendo de forma irregular a inmigrantes que xa estaban en territorio español.

9. CLASIFICACIÓN DAS INFRACCIÓNS:

Deixo este apartado para o final porque, de forma bastante errónea, é practicamente o único tema que se trata sobre a lei Mordaza, tanto en charlas como nos incontables artigos que se escribiu sobre ela.

Voume limitar aos apartados que nos afectan como activistas e que non caian de caixón (non fai falla que nos lembre a lei Mordaza que está prohibido exhibir obxectos perigosos, danar bens mobles e inmobles, etc.). Tampouco falo das sancions moi graves porque non coñezo ningún caso no que se aplicaron nos 23 anos que estivo en vigor a anterior Lei de Inseguridade Cidadá, ademais, cos 30.000€ que nos poden meter cunha sanción grave xa temos suficiente.

A lei vai en castelán.

Infracciones graves:

—*La desobediencia o la resistencia a la autoridad o a sus agentes en el ejercicio de sus funciones, cuando no sean constitutivas de delito, así como la negativa a identificarse a requerimiento de la autoridad o de sus agentes o la alegación de datos falsos o inexactos en los procesos de identificación.*

Dedicada a todo o mundo, quen non fixo isto nalgunha ocasión? A segunda máis común para nós pero a primeira das graves, polo que é a que máis recada.

—*Causar desórdenes en las vías, espacios o establecimientos públicos, u obstaculizar la vía pública con*

mobiliario urbano, vehículos, contenedores, neumáticos u otros objetos, cuando en ambos casos se ocasione una alteración grave de la seguridad ciudadana.

Todos sabemos que isto é ilegal, pero lembrar, agora pódénche meter 10.400€, mais danos causados, mais responsabilidade civil. A terceira máis común.

—*La perturbación de la seguridad ciudadana en actos públicos, espectáculos deportivos o culturales, solemnidades y oficios religiosos u otras reuniones a las que asistan numerosas personas, cuando no sean constitutivas de infracción penal.*

É o suficientemente amplo como para meter tranquilamente mitins de partidos políticos, calquera tipo de manifestación (pro-vida, contra o matrimonio homosexual...) e un longo etc. Ollo, a sanción media supera os 1000€.

—*La perturbación grave de la seguridad ciudadana que se produzca con ocasión de reuniones o manifestaciones frente a las sedes del Congreso de los Diputados, el Senado y las asambleas legislativas de las comunidades autónomas, aunque no estuvieran reunidas, cuando no constituya infracción penal.*

Dedicada aos compañeiros de rodea el Congreso.

—*Los actos de obstrucción que pretendan impedir a cualquier autoridad, empleado público o corporación oficial el ejercicio legítimo de sus funciones, el cumplimiento o la ejecución de acuerdos o resoluciones administrativas o judiciales, siempre que se produzcan al margen de los procedimientos legalmente establecidos y no sean constitutivos de delito.*

Dedicada claramente a Stop Desafiuzamentos cando tratan de impedir que un secretario xudicial notifique un desafiuzamento.

—*Las acciones y omisiones que impidan u obstaculicen el funcionamiento de los servicios de emergencia, provocando o incrementando un riesgo para la vida o integridad de las personas o de daños en los bie-*



nes, o agravando las consecuencias del suceso que motive la actuación de aquéllos.

Ollo, se curtas o tráfico poden alegar que obstaculizaches o paso dunha ambulancia cando ía en auxilio dun ferido.

—La negativa a la disolución de reuniones y manifestaciones en lugares de tránsito público ordenada por la autoridad competente cuando concurren los supuestos del artículo 5 de la Ley Orgánica 9/1983, de 15 de julio.

Manifestacións ilícitas ou que provocan alteracións da orde pública, non confundir con simples manifestacións non comunicadas, que son unha infracción leve.

—La perturbación del desarrollo de una reunión o manifestación lícita, cuando no constituya infracción penal.

Facer unha contra- mani, para entendernos.

—La negativa de acceso o la obstrucción deliberada de las inspecciones o controles reglamentarios, establecidos conforme a lo dispuesto en esta Ley, en fábricas, locales, establecimientos, embarcaciones y aeronaves.

Podería ser aplicado a centros sociais aínda que non parece deseñada á súa medida.

—El uso no autorizado de imágenes o datos personales o profesionales de autoridades o miembros de las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad que pueda poner en peligro la seguridad personal o familiar de los agentes, de las instalaciones protegidas o en riesgo el éxito de una operación, con respeto al derecho fundamental a la información.

Este é probablemente o suposto máis coñecido (sobre todo pola difusión dos medios de comunica-

ción, claro). O certo é que parece que non achega nada novo, é dicir, legalmente pódese gravar unha carga policial ou a un policía cometendo un abuso... pero na práctica xa sabemos que non nos van a deixar porque eles son a autoridade e fan o que queren. Se antes reprimíanos cando filmabamos unha carga policial, agora farán o mesmo, pero non é tan fácil que nos poidan meter esta infracción (xa se inventarán outra, xa sabemos que as súas declaracións teñen valor probatorio).

Infraccións leves:

—Las faltas de respeto y consideración cuyo destinatario sea un miembro de las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad en el ejercicio de sus funciones de protección de la seguridad, cuando estas conductas no sean constitutivas de infracción penal.

A sanción máis común das que nos incumbe a nós. Antes a sanción a tiña que poñer un xuíz e o importe podía ser de 30€, polo que non compensaba. Agora as poñen como churros.

—La celebración de reuniones en lugares de tránsito público o de manifestaciones, incumpliendo lo preceptuado en los artículos 4.2, 8, 9, 10 y 11 de la Ley Orgánica 9/1983, de 15 de julio, cuya responsabilidad corresponderá a los organizadores o promotores.

Manifestación sen comunicar, para entendernos.

Pasa de grave a leve (increíble pero certo), ademais é unha das sancións que están máis de moda... pero hai un pero, se antes metíanos entre 300 e 600€ agora van seguir facendo o mesmo, lembrar que agora as sancións leves chegan ate os 600€.

—La ocupación de cualquier inmueble, vivienda o edificio ajenos, o la permanencia en ellos, en ambos casos contra la voluntad de su propietario, arrendatario o titular de otro derecho sobre el mismo, cuando no sean constitutivas de infracción penal. Asimismo la ocupación de la vía pública con infracción de lo dispuesto por la Ley o contra la decisión adoptada en aplicación de aquella por la autoridad competente. Se entenderá incluida en este supuesto la ocupación de la vía pública para la venta ambulante no autorizada.

A cuarta máis común pero a moita distancia das tres primeiras.

—La negligencia en la custodia y conservación de la documentación personal legalmente exigida, considerándose como tal la tercera y posteriores pérdidas o extravíos en el plazo de un año.

—Los daños o el deslucimiento de bienes muebles o inmuebles de uso o servicio público, así como de bienes muebles o inmuebles privados en la vía pública, cuando no constituyan infracción penal.

As pintadas son unha infracción leve.

—El escalamiento de edificios o monumentos sin autorización cuando exista un riesgo cierto de que se ocasionen daños a las personas o a los bienes.

A coñecida como norma anti-Greenpeace queda finalmente en leve.

—La remoción de vallas, encintados u otros elementos fijos o móviles colocados por las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad para delimitar perímetros de seguridad, aun con carácter preventivo, cuando no constituya infracción grave.

Antes solía ir pola vía penal.



A (IN)EFICACIA DAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS FRONTE A AUTOXESTIÓN VECIÑAL

POR REDE DE APOIO MUTUO DE LUGO

Hai menos de un mes que un grupo de persoas, colectivamente e de xeito autónomo, habilitaron o solar que hai a carón da Porta Miñá, completamente abandonado dende fai anos. Estas persoas encargáronse de rozalo, limpalo e preparalo para que puidese ser usado por todxs como o espazo público que é, coidándoo e traballándoo coa finalidade de realizar un ciclo de cine de barrio, crear comunidade e alternativas ao

ocio capitalista, partindo da idea de que a cultura, como as rúas, debe ser de todxs.

Ata este momento ningunha entidade pública fixo nada por recuperar a usabilidade desta parcela, que non parecía interesar para ningún propósito comercial. Mais, tralo éxito desta proposta popular, da noite para a mañá, o espazo apareceu valado, con dous carteis da Xunta como bandeira, impedindo a entrada e, por suposto, a continuación do ciclo de cine nese lugar.

Do mesmo xeito que apareceu ese valado desapareceu o mural de Lugo Sen Mordazas ubicado na Rúa San Roque. Tamén feito de xeito colectivo, con un coidado interese pola estética. Tardaron tres días en borralo; sen embargo, as pintadas da parede de ao lado mantéñense inda agora.

Estes actos de “limpeza” repentina e selectiva non son casualidade: son o medo dalgunhas institucións á nosa autoxestión, a que poidamos orga-

nizarnos sen elxs, inda máis cando procuran facernos dano coas súas ordenanzas retrógradas e restritivas, centradas no interese económico e empresarial. Mentres intentan limpar de reivindicacións a cidade con sorprendente eficacia e rapidez, manteñen descoidados os outros espazos públicos. Non desaparecen as pintadas que, baleiras de crítica social, perduran por anos. Tampouco reforman os solares cheos de maleza, os edificios ruinosos nin reparan na situación de abandono dalgun dos barrios periféricos da cidade.

Son exercicios de censura continuados e torpes, que, finalmente, rematan por mostrar a verdadeira cara de quen os realiza. Mentres sigan reprimindo e procurando invisibilizar a nosa actividade, nós voltaremos con máis forza. O cinema segue, os murais continuarán a aparecer e o tecido social seguirá fortalecendo dende a cultura libre e a autoxestión.

PARALIZADA A TALA DO BOSQUE DE HAMBACH

A zona de Renania, onde se atopa o bosque de Hambach, leva desde o ano 1978 ameazada por un projeto de megaminería a ceo aberto impulsada pola compañía RWE. Esta exploración de lignito pouco a pouco vai-se expandindo e acabando co bosque do lugar. É a maior exploración de minería a ceo aberto da zona e conta com 3 minas onde se extraem cerca de 100 toneladas de lignito ao ano. Também contam com 5 plantas energéticas onde queimam carbom para producir enregia. Esta exploración gera moita contaminación liberando polvo fino, metais pesados, moito CO₂, elementos radioativos e outros contaminantes. Para evitar a inundaçom das minas baixaron o nivel da auga do lu-

gar até os 500 metros, o que leva a grandes consecuencias negativas para a natureza. Ademais, para poder seguir com a mina, moita gente é obrigada a desprazar-se.

RESISTÊNCIA

Desde há seis anos que há práticas de resistência a expansom da mina. Tenhem lugar no bosque por parte de moitas ativistas que fam fronte a través de campamentos, manifestaçoms ou práticas de sabotagens e açoms diretas. O hostigamento policial é constante desde entom chegando várias pessoas a ser detidas e encarceradas, e som constantes os despejos e re-okupaçoms do território.

O passado 13 de setembro, o consórcio energético RWE, começou a desalojar parte do bosque ocupado. A comunidade de ativistas resistia a través de mais de 60 case-tas construídas nas árbores. Desde entom as últimas semanas foram

intensas na zona com intentos de despejo por parte da policía, cum destacamento de 3500 efetivos. Também tiverom lugar manifestaçoms massivas de cerca de 8000 pessoas que se achegaron a intentar parar o despejo. Um jornalista morreu ao caer dumha árbore desde 20 metros mentres cubria os feitos.

O día 5 de outubro o Tribunal Administrativo Superior, a traves dum recurso do BUND, alianza polo medio ambiente e a conservaçom da natureza em alemanha, anunciou o cese da tala do bosque obtendo assim umha pequena vitória a comunidade ativista.

A LOITA NOM CESA

A pesar da paralizaçom temporal da tala a luita contra o lignito nom cesa. Ativistas chamam a defender o bosque e a realizar açoms descentralizadas a partir do 13 de outubro no distrito de Renania.

GREVE DE FOME NOS CÁRCERES

Desde o primeiro dia de outubro até o quinze começa umha nova greve de fome nas prisons do estado espanhol. Esta greve procura o mesmo obxetivo que a greve de fome que tivo lugar o passado primeiro de maio, exigir o cumprimento da seguinte táboa de 12 pontos.

REVINDICAÇONS

- O fim das torturas, agressons e tratos vexatórios, degradante e da impunidade dxs carcereirxs na sua prática em todas as prisons do estado espanhol.
- A erradicaçom dos FIES, aboliçom do chamado regime especial de castigo, e fechamento absoluto dos departamentos de isolamento.
- Fim da dispersom dxs presxs.
- Que os serviços médicos nom estejam adscritos a Instituiçons Penitenciárias, se nom que sejam independentes delas.
- A aplicaçom imediata dos artigos 104.4 e 196 RP a todos xs enfermxx crónicxx sem que exista requisito de que entrem em fase terminal.

- Em relaçom axs enfermxx mentais exigimos que sejam tratadx adequadamente em lugares apropriados para isso e nom nos cárceres.
- Que os programas com metadona, tratamentos psiquiátricos, etc. vaian acompanhados de grupos de apoio, terapeutas, etc. Independentes das Instituiçons Penitenciárias .
- Que tenha abertura de investigaçom, esclarecimento e delimitaçom de responsabilidades por xs companheirxx mortxx nos cárceres do estado espanhol.
- Que as estruturas carcerárias abram as suas sala de aulas, o cinas, academias, etc.
- Acessos formativos e culturais para xs presxs que tratam de irrecuperáveis
- Que os módulos de respeito não sejam utilizados como montras.
- Que se deixe de cachear integralmente às famílias e amizades visitantes.
- Exigimos aos tribunais, forças de segurança do estado e repressorxx várixx que nom criminalizem a solidariedade entre pessoas.

Da livraria de Ardora recomendamos o livro «Trece mil fugas» de Os Cangaceiros, editado pola editorial Diaclasa.

Livro que recolhe um dossier de 1990 sobre a luita que levou a cabo o coletivo contra a construçom de novas prisons na França



Ardora
(s)ediçons anarquistas

Editora anarquista
ardoraeditora.info · ardora@bastardi.net

Irmandade da Costa

Xornal dixital airmandadedacosta.info
airmandadedacosta@riseup.net